

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 29 DE XUÑO DE DOUS MIL SETE

PLENO Nº 07/2007

No Salón de sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, cando son as once horas e trinta minutos do día vintenove de xuño de dous mil sete, reúnese en sesión extraordinaria e en primeira convocatoria o Concello Pleno baixo a Presidencia do Alcalde:

D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ

Concorren a sesión os seguintes Concelleiros:

D. JOSÉ LUIS RIVERA SACO
D. DIONISIO BLANCO RUBIÑOS
D. FRANCISCO JAVIER DOMINGUEZ LÓPEZ
DNA. CRISTINA JUÍZ LÓPEZ .
D. MANUEL LÓPEZ PÉREZ
DNA. MARÍA DEL CARMEN MACÍA RODRIGUEZ
DNA. ANA RUTH JUÍZ LUGO
D. JORGE GARCÍA LÓPEZ

Como Secretario D. Luis Eduardo Matias Sánchez que da fe.

Aberta a sesión e declarada pública pola presidencia as once horas e trinta minutos, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum de asistencia necesario para que poda ser iniciada, procedese a coñecer os seguintes asuntos incluídos previamente no orde do día:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE SE ACHEGA COA CONVOCATORIA 06/2007

O Presidente pregunta si algún membro da Corporación ten que formular algunha observación o borrador da acta da sesión anterior número 06/2007 distribuída coa convocatoria.

O Sr. Presidente somete a votación a aprobación do referido borrador da acta, sendo esta aprobada por unanimidade.

2º.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DE SESIÓN DO PLENO

De orde do Sr. Alcalde, o Secretario Xeral da Corporación dá lectura a moción da Presidencia que a seguir se transcribe:

En virtude do disposto nos artigos 38 e 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, 218 da Lei 7/1997, do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, vistos os antecedentes orgaizativos deste Concello, e en aras dunha maior eficacia e celeridade na resolución dos asuntos dos que entende este Concello, propónse para a súa aprobación polo Pleno do Concello ó seguinte réxime de sesións:

- O Pleno celebrará sesión ordinaria o derradeiro luns do último mes de cada bimestre natural
- En caso de coincidir en festivo a sesión trasladaríase o derradeiro luns hábil anterior
- As sesións ordinarias celebraranse as doce horas dos días sinalados anteriormente

Sometido a votación, a proposta é aprobado por cinco votos a favor, emitidos polos concelleiros do Grupo Popular e catro votos en contra emitidos polos concelleiros do Grupo Socialista e D. Jorge García López.

O Sr. Alcalde declara aprobado o acordo por cinco votos a favor e catro en contra.

3º.- COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

En harmonía co disposto nos artigos 46 e 48 do Regulamento Orgánico Municipal, que establece como Comisións Informativas Permanentes as denominadas "DE

ASUNTOS DO PLENO" e "ESPECIAL DE CONTAS" e a proposta do Sr. Alcalde, visto os artigos 123 e ss, 127 e 134 do ROF, ó Pleno por unanimidade ACORDA:

Aprobar a seguinte composición das Comisións Informativas:

a) COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS DO PLENO, integrar nesta Comisión os seguintes Concelleiros:

PRESIDENTE: D. José Manuel Arias López

VOCAIS: D. José Luis Rivera Saco

D. Dionisio Blanco Rubiños

Dna. Cristina Juíz López

Don Manuel López Pérez

Dna. M^a del Carmén Macía Rodríguez

D. Jorge García López

Dita Comisión celebrará sesión nos días e horas que estableza o seu Presidente, e en todo caso coa antelación necesaria para dictaminar aqueles asuntos de competencia do Pleno, que se sometan a decisión deste.

b) COMISION INFORMATIVA "ESPECIAL DE CONTAS", integrar nesta Comisión os seguintes Concelleiros:

PRESIDENTE: D. José Manuel Arias López

VOCAIS: D. José Luis Rivera Saco

D. Francisco Javier Dominguez López

Dna. Cristina Juíz López

Dna. M^a del Carmén Macía Rodríguez

Don Manuel López Pérez.

D. Jorge García López

Dita Comisión celebrará sesión nos días e horas que estableza o Presidente, e en todo caso coa antelación necesaria para dictaminar aqueles asuntos de competencia do Pleno, que se sometan a decisión deste.

4º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO

A seguir o sr. Alcalde ordena o Secretario que procede a dar lectura as seguintes propostas:

CONSELLO ESCOLAR

Visto o artigo 38,d) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, e tendo en conta que esta Corporación ten que estar representado no Consello Escolar do Colexio Público "Rosalía de Castro" de Bóveda, propónse o Pleno a adopción do seguinte ACORDO.

Designar como representante da Corporación Municipal no Consello Escolar do Colexio mencionado a D. Cristina Juíz López, Delegado da Alcaldía para Cultura, Educación e Medio Ambiente

Notificar este acordo o Concello Escolar

Sometida a votación dita proposta é aprobada por cinco votos a favor emitidos polo Grupo Popular, tres en contra do Grupo Socialista e unha Abstención do concelleiro do BNG, D. Jorge García López

ASOCIACIÓN RIO LOR

Visto o artigo 61 da Lei 7/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 21.1,a,b) da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, que determinan, entre outras atribucións da Alcaldía, a de Representar o Concello e Dirixilo goberno e a administración municipal, Designar representante desta Corporación na Asociación "RIO LOR" ó Sr. Alcalde-Presidente, ou persoa en quen delegue.

Sometida a votación dita proposta é aprobada por cinco votos a favor emitidos polo Grupo Popular, catro Abstencións emitidos polo Grupo Socialista e o concelleiro do BNG, D. Jorge García López

5º.- DESIGNACIÓN DE TESOUREIRO DA CORPORACIÓN

Concluído o asunto anterior, o Sr. Alcalde ordena o Secretario que proceda a dar lectura a seguinte proposta da Alcaldía:

Habida conta de que neste Concello non existe creada a praza de Tesoureiro de Habilitación Nacional, e de conformidade co disposto no artigo 92.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, nomear como TESOUREIRO ó Concelleiro D. José Luis Rivera Saco que actuará coa responsabilidade solidaria dos demais membros electos da Corporación, polo que se releva da obriga de prestar fianza de acordo co establecido na instrucción 8, apartado 1, da Orde do 16 de xullo de 1963

Sometida a votación dita proposta é aprobada por cinco votos a favor emitidos polo Grupo Popular, catro Abstencións emitidos polo Grupo Socialista e o concelleiro do BNG, D. Jorge García López

6º.- DETERMINACIÓN DO IMPORTE DAS DIETAS POR ASISTENCIA A ORGANISMOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN

Previa deliberación, ó Pleno da Corporación, por cinco votos a favor emitidos polo Grupo Municipal Popular, e catro abstencións do Grupo Municipal Socialista e o concelleiro do BNG, acorda:

No que se refiere a asistencias, os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial percibirán, por asistencia ás sesións do Pleno e das Comisións de que formen parte, as seguintes cantidades:

- a) PLENOS 60,00€ POR CADA SESIÓN
- b) COMISSIONS INFORMATIVAS 50,00€ POR CADA SESIÓN
- c) XUNTAS DE GOBERNO 60,00 € POR CADA SESIÓN.

7º.- ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓN Ó EXERCICIO DO CARGO DE ALCALDÍA.

Dado o volume do traballo que xenera a actividade municipal, así como a complexidade derivada da prestación dos distintos servizos municipais, que fai necesario unha adicación especial as tarefas de dirección e coordinación do goberno e administración municipal, con base ó preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 12 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, e estudiada-las especiais características deste concello, ó Pleno da Corporación acorda:

1º.- CARGOS DON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.- O Alcalde-Presidente D. JOSE MANUEL ARIAS LÓPEZ desempeñará o seu cargo con dedicación exclusiva

2º.- CARGOS CON DEDICACIÓN PARCIAL.- Cando por ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite ó Alcalde-Presidente ó exercicio das súas atribucións, o Tenente de Alcalde que o substitúa legalmente, poderá ser retribuído polo desempeño do cargo cando o desempeñe cunha dedicación mínima de trinta horas semanais .

2º.- Fixa-lo réxime de retribucións do Sr. Alcalde, en catorce mensualidades de Dous Mil trescentos (2.300 €) EUROS, impostos e Seguridade Social incluídas, revisable con efectos do primeiro de xaneiro de cada ano, según o incremento dos prezos ó consumo.

3º.- O Primeiro Tenente que legalmente substitúa ó Alcalde-Presidente, percibirá unhas retribucións por importe de Dous Mil Trescentos (2.300 €) EUROS més, impostos e Seguridade Social incluídas, revisable con efectos do primeiro de xaneiro de cada ano, según o incremento dos prezos ó consumo.

4º.- Solicitar da Tesourería da Territorial da Seguridade Social a ALTA de D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ, e no seu caso de do Tenente de Alcalde que legalmente substitúa ó Alcalde-Presidente, asumindo o concello as obrigas que as normas do Rexime Xeral da Seguridade Social impón ás empresas en relación cos traballadores ó seu servizo.

5º.- A Corporación asumirá ó pagamento da cuota empresarial que corresponda

6º.- Autorizar e dispoñe-lo gasto con cargo a partida 1.100 do presuposto xeral da Corporación.

8º.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA COMISIÓN DE GOBERNO

Tendo en conta que ó Regulamento orgánico Municipal fixou como un dos órganos básicos deste Concello a Comisión de Goberno, e considerando que para unhamaior axilidade na xestión dos asuntos municipais sería convinte que determinadas atribucións do Pleno, relativas a xestión administrativa, fosen exercidas por éste órgano municipal, o Pleno da Corporación ACORDA:

Delegar na Comisión de Goberno tódalas atribucións propias, enumeradas nos apartados j), k), m), n), ñ), o) e q) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, según redacción dada polo artigo primeiro, apartado cuarto da Lei 11/1999, do 21 de abril

Sometida a votación a proposta presentada, prodúcese o seguinte resultado:
Votan a favor os cinco concelleiros do Grupo Popular, votan en contra os tres concelleiros do Grupo Socialista e o concelleiro do BNG.

O Sr. Alcalde declara aprobado por cinco votos a favor e catro en contra

9º.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

O Sr. Alcalde, dá conta dos seguintes Decretos da Alcaldía:
266/2007 polo que designa os membros da Xunta de Goberno
267/2007 polo que designa os tenentes de Alcalde
268/2007 polo que delega en concelleiros/a o exercicio de determinadas atribucións da Alcaldía

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente dá por finalizada a sesión, cando son as doce horas e un minuto do día sinalado,